



MINISTERIO  
DEL INTERIOR



# SUBSTITUCIÓN DO PERMISO DE CONDUCCIÓN

- A) PERMISOS DE CONDUCCIÓN DE PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA, ISLANDIA, LIECHTENSTEIN E NORUEGA: EN CASO DE DETERIORACIÓN, EXTRAVÍO OU SUBTRACCIÓN.
- B) PERMISOS DE CONDUCCIÓN EN VIGOR DE ANDORRA, SUÍZA E XAPÓN QUE NON FOSEN OBTIDOS SENDO RESIDENTE EN ESPAÑA: EN CASO DE EXTRAVÍO OU SUBTRACCIÓN.

## DOCUMENTACIÓN

**1. Solicitud** nun impreso oficial de cuestións varias dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT ([www.dgt.es](http://www.dgt.es)) e o **talón foto** debidamente cuberto.

**2. Taxa:**

- Permisos inscritos e permisos de Andorra, Suíza e Xapón en caso de subtracción ou extravío, págase a taxa IV.3: 24,10 €.
- Permisos non inscritos, páganse as taxas IV.1 (8,50 €) pola inscrición e a IV.3 (24,10 €) pola substitución.

**Formas de pagamento:** por internet en [www.dgt.es](http://www.dgt.es), con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)).

**3. Acreditación de identidade e residencia:**

- **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte, xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.

**4. Permiso de conducción:** orixinal en caso de deterioración.

**5. Fotografía:** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.

Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.

**6. Declaración** por escrito de non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

## SUPOSTOS ESPECIAIS

**Informe de aptitude psicofísica telemático** anotado no Rexistro de Condutores por un **centro de recoñecemento para condutores para permisos de Andorra, Suíza e Xapón.**

**Representación:** cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso, a persoa que a representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite onde exprese o seu carácter gratuito.

*A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.*